Fundación BRANDOMIL

O VOCEIRO DE ZAS

Nº 8 Graficolor MINERVA, S.L. Dep. Legal C-8-1984 75 Pesetas EDITA. PUBLIEDISA - TLF: 530742 DECEMBRO 1990

NACIONAL - SUBSISTEMA DE SELECCIÓN

A falta de concertación do Centro Médico impide o seu normal funcionamento

Tal como se reflexou en varios medios de comunicación, existe un gran descontento entre a xente de Zas polo pésimo funcionamento do Centro Médico. Os problemas empezan polo estado do edificio: chove case tanto dentro como fora, e según comentarios dalgunhas das persoas que prestan nel os seus servicios, teñen que andar en puntillas para que non lle entre a auga nos pés.

Outro problema inconcebible nun consultorio médico, é a falta de calefacción que orixina que as longas esperas dos pacientes se fagan insufribles a causa do frío. Se engadimos que as cabinas telefónicas que están instaladas só serven de adorno , xa que nunca funcionaron, compredérase que non se reúnen as mínimas condicións esixibles a un centro destinado a un servicio sanitario.

Tan grave como éste, é o problema da dotación de material; no Centro Médico de Zas non existe nin o material imprescindible para facer unha cura de urxencia ou poñer unha inxección a un paciente. É normal ve-la xente ferida ir á farmacia a buscar gasas, esparadrapo,etc. para que poidan ser atendidos.

(pasa á PX. 2)

O alcalde denuncia a un industrial de Zas

Aproveitando os problemas de luz existentes en Zas, que provocan períodicas protestas da xente contra unha determinada empresa eléctrica, o alcalde, Ramón Lois, traspasou as quixas contra a empresa do concellal da oposición, Xosé Posse Posse, e no mes de xaneiro último mandou un escrito a delegación provincial de Industria acusándoo de ter mal as instalacións e de recibir protestas dos veciños por esta causa. Ó mesmo tempo recomendaba Ramón Lois no seu escrito que a Administración tomara medidas contra este industrial de Zas. O raro é que destas protestas só está enterado o alcalde por canto todo o mundo está a recoñecer o esforzo e os logros acadados polo Sr. Posse en poñer ó día as súas instalacións.

Posto este medio en contacto con este industrial de Zas, coméntanos que ten presentado un informe na delegación da Coruña onde se demostra que Vila, Languierón, San Adrián, Romelle, Loroño, Rial de Abaixo e San Martiño están totalmente electrificados con instalacións novas subvencionadas por Industria, comprendendo líneas de media tensión, centros de transformación e redes de baixa tensión. Neste lugares, polo tanto - apunta José Posse- non hai diferencias eléctricas, padecendo só os cortes que provoca FENOSA.

Dí tamén este industrial que está en proxecto comenzar a primeiros de ano a rede de media tensión dende Vilar do Mato a Carreira, comprendendo os lugares de Carreira, Pedramaior, Mira, Teixedón, Rosende e Follente; todos eles con centros novos de transformación.

Respecto a este informe presentado en Industria na Coruña, está pendente dunha reunión co delegado deste Organismo para que se lle dea resposta ä solicitude feita nel de que FENOSA lle dea un enganche na lïnea instalada en Gontalde para subsana-los cortes que están a padecer nesa zona debido ás líneas antiguas que FENOSA ten cara a Zas.

Esta solicitude -según nos conta Xosé Posse- foi presentada o ano pasado na Delegación de FENOSA de Carballo diante de testigos de Langueirón e San Adrián, prometéndoselle facer ese enganche.

Dado que de momento non se cumpliu esa promesa por parte de FENOSA, e que xa se levan varios cortes de luz que se prolongarón máis dun día, Xosé Posse presentou un escrito en Industria para ser recibido polo Delegado e perdille que presione a FENOSA a fin de que dea servicio a Zas na línea nova que hai en Gontalde.

Neste momento, este industrial só está pendente de que lle poñan día e hora para esa entrevista e dí que o que quere é que tódolos usuarios dos seus servicios saiban que pola súa parte non regatea medios nin esforzos para que de unha vez por todas teñamos o servicio normal que se precisa.

Quéixase Xosé Posse da actitude do alcalde que está impedindo que FENOSA dea os enganches ó non paga-la luz. O mesmo tempo pensa que sería máis correcto, por parte do alcalde, que dirixira a el esas supostas queixas dos veciños, antes de mada-la a industria sen previo aviso.No que sí se molestou Ramón Lois -engade Posse- é en aconsellar á xente de distintos lugares que non se lle pagara a luz, equivocando o camiño para soluciona-los problemas.

Novo record nas alturas dos edificios de Baio

En varias ocasións, en anteriores números do VOCEIRO, criticouse a falta dun Plan Urbanístico no Concello de Zas, o que levaba a que cada ún, dependendo da amistade co Sr. Alcalde, fixera as obras o seu xeito sen ter en conta as alturas axeitadas a anchura das rúas e a capacidade das infraestructuras como alcantarillado, aceiras, auga da traída, rúas laterais etc., que só permitían pranta baixa e dúas alturas. Nos anteriores números falóuse dos edificios de catro alturas que convertían as rúas en túneles escuros, e neste temos que dicir que actualmente xa se superaron nun edificio mandado construir por un concellal da actual coorporación. Este novo edificio, de cinco plantas máis baixo e ático, deixa moi baixas ás demáis casas, sobresaíndo por riba de tódalas construccións. A xente comenta a coincidencia da feitura deste edificio ca asistencia contínua deste concellal ós Plenos para apoiar ó alcalde, cando é da oposición e antes non ía a ningún Pleno.

Resulta totalmente inaúdito o atrevemento que supón seguir a tolerar por parte da autoridade local semellante atentado contra as normas que rixen aínda no Concello, que representa toda unha cadea de consecuencias negativas para un futuro Ordenamento Urbán que, obviamente, terá que facer outra diferente coorporación municipal.

Anque moitos aplaudan este tipo de arbitrariedade do Concello para otorgar este tipo de licencias "baixo manga" ós amigos, cicais non se sintirán moi felices, cando no futuro, por exceso de vivendas, se teña que voltar a abri-las rúas cos cartos de



todos para aumenta-lo caudal de auga da traída ou para renova-lo alcantarillado que quedará insuficiente para tantos verquidos.

Tamén hai que ter en conta, canto pode hipoteca-lo desenrolo dun pobo este tipo de crecemento anárquico, sen estudi-las posibles alternativas que representa a apertura de rúas laterais con anchura suficiente para o paso de vehículos comerciales.

Baio é un pobo dos que máis loitou para crear unha infraestructura urbana que dése unha imáxen de vila comercial e dinámica. Nembargantes,. vérase co tempo, como todo este esforzo será totalmente valeiro ó non poder, dentro de pouco, ter capacidade de expansión cara ambos lados da estrada principal dando a impresión de quedar afogado por uns edificios moi altos, que lle quitarán toda a luminosidade.A parte de todas estas consecuencias negativas, dárese o case de que xa nunca se poderá corexi-los erros, por canto tódolos demáis veciños dos lados, apelarán ó agravio comparativo para pedi-la autorización de construir cinco plantas alomenos como os demáis. A este respecto hai que considerar a conducta da alcaldía de irresponsable e lixeira así como moi pouco sensible a historia de Baio.

A A.VV pide unha revisión das cartillas sanitarias

En vista da imposibilidade de conquerir máis médicos para Zas namentras non se consiga que tódolos habitantes deste Concello domicilien as súas cartillas da Seguridade Social con médicos aquí destinados, a Asociación de Veciños "San Andrés" de Zas empezou a primeiros deste ano unha serie de pasos e de trámites para clarexar este tema e saber o número de cartillas que ten o noso Concello, como único medio de saber tamén o número real de facultativos e A.T.S. que corresponden ó noso municipio.

En primeiro lugar dirixíronse ó Instituto Nacional da Saúde e presentaron unha petición para que se lle comunicase o número de cartillas que corresponden a cada médico destinado en Zas, o que se respostou que sobre unhas mil quinientas o de Brandomil e mil duascentas o de Zas.Esta cantidade comprobouse que está moi por debaixo do número real de beneficiados da seguriade social que existen no noso Concello e calculan os da asociación que debe haber sobre unhas mil máis que faltan do cómputo global.

Café-Bar
Galicia-85
Carretera Xral.
Santiago-Finisterre
s/n.
Tfno. 718009
Z A S (A Coruña)

Auól Talleres
DUMBO-SEAT
S.L.
José Antonio
Alvarez Fernández
Taller Nº 05714
Tfnos.
718100 - 718047 - 718253
A CACHAROZA-BAIO

Centro Optico
B A I O
Graduamo-la súa
vista gratis
Carretera Xral. S/n.
(Frente Banco Pastor)
Teléf. 71 80 75
B A I O

A falta de concertación do Centro Médico impide o seu normal funcionamento

Ante a evidente situación e as queixas da xente, a asociación de veciños "San Andrés", levou a cabo varias entrevistas co INSALUD e ca Consellería de Sanidade para sabe-las causas deste abandono e tentar poñerlle solución. A causa, según este Organismo, é que o Concello de Zás non concertou o Centro Médico con INSALUD, o que orixina que non reciba ningunha dotación de material. En canto ó estado do edificio, según dixo a Consellería de Sanidade ós membros da asociación que se entrevistaron nela, a Consellería non recibirá ningunha comunicación municipal das deficiencias existentes, comprometéndose o Sr. Montero Gómez a empeza-las obras de reparación do edificio según recibise unha comunicación e un presuposto por parte do Concello ou da asociación de veciños. Parece ser que os técnicos foron a revisar e que se repararon as cubertas, pero segue habendo problema de filtración de auga, debido, según se comentou, ó material utilizado na súa construcción e á separación existente entre os pequenos blocos de que está feito o edificio.

Subvención para a asociación deportiva "Súa Agra"

A Agrupación Deportiva "Su a Agra" de Baio, ó través de convenios cá Diputación Provincial no programa de desenrolo de Escolas Deportivas Municipais, recibiu as seguintes subvencións: para actividades de baloncesto 105.000 pesetas e para actividades de xadrez 60.000.

Na actualidade "Su a Agra" está a impartir gratuitamente clases de iniciación ó xadrez no colexio de Baio. A estas clases asisten preto de trinta rapaces, a maioría deles en idade escolar. A duración deste cursiño será de todo o período escolar.

Para primeiros de ano "Su a Agra" ten pensado comenzar un curso de iniciación ó baloncesto para rapaces tamén en idade escolar, xa que na actualidade non é posible ó non dispoñer de instalacións. Segundo un representante da Agrupación responsable da baloncesto, o Concello prometeu que para primeiros do ano 1991 poderase comenzar a utiliza-lo polideportivo cá regularidade que precisa o curso programado. Nas actividades que na actualidade está desenvolvendo a agrupación deportiva "Su a Agra" hai que suliñar que ten formado dous equipos de xadrez para competir nos dous grupos da liga Comarcal que comenzará o vindeiro xaneiro; para Nadal teñen programado un torneo de xadrez ó que asistirán representantes de toda a Comarca. Su a Agra conta con 55 socios dos que a maioría son rapaces en idade escolar.

Os herbales da Ponte aillados

Os veciños da zona coñecida polos "Herbales da Ponte" na localidade de Baio, cá chegada do mal tempo quedan practicamente aillados a causa do lamentable estado en que se atopa a pista que da acceso a rúa xeral da citada zona. Ca auga da choiva a pista queda convertida nun auténtico río, ó se-lo punto final da recollida das augas que encauzan as beiras-rúas da marxen dereita da Rúa Bispo Romero Lema, xa que non hai sumidoiros que lle permitan a auga entrar para unha arqueta do alcantarillado e evitar así que esta circule por toda a pista formando presas con grandes socavóns que case non permiten pasar a pé ós veciños que alí viven.

Editorial

Guerras e modais dun alcalde

Hai moitos modos de ser alcalde quizais moitos deles totalmente lícitos, nembargantes outros moitos evidentemente non o son. Namentras non se invente outra cousa mellor, tódalas Comunidades humanas necesitan dun goberno e os Concellos dun alcalde e unha Coorporación de concellais que nos representan e toman decisións que nos afectan moi directamente. Pero unha cousa é necesitar dun alcalde e uns concellais, e outra moi distinta e padecer abusos ou soportar modales máis propios dun gañán de pobo que dunha persoa formada e responsable do benestar dunha Comunidade.

Resulta tremendamente difícil poder expoñer caso a caso tódalas feiturías, desprecios, desagradecementos, imposicións, intemperancias, desacertos, irresponsabilidades, deixadeces, malicias e listezas que chegamos a contemplar, ano a ano, neste último mandato de Ramón Lois. Cando se fala de todas elas, ou só dunhas poucas, case nadie dos oentes é capaz de dar crédito a todo o que oen porque lles resulta totalmente extraño que todo eso poidera tolerarse hoxe en día nun Concello.

Ás veces a realidade, por unhas ou outras razóns, acaba superando a máis grande fantasía. Un pouco desto é o que sucedeu en Zas. ¿Quen era capaz de pensar que Ramón Lois, que acadou a alcaldía fundamentando un prestixio a base de realizar unha boa xestión como mestre e director, fose capaz de facer no só totalmente ingobernable o Colexio, senón de telo tan desatendido e descoidado que nin sequera agora que hai un equipo directivo un pouco máis traballador e interesado en mellora-las cousas, deixa de facerlle-la guerra chegando ó extremo de telo sen gasoil para a calefacción facendo víctimas a tódolos nenos que asisten ó Colexio de Zas?

¿Acaso alguén dos que promoveron o cambio democrático na alcaldía de Zas, no ano 1973, achacándo tódolos vicios do franquismo o anterior rexidor, eran capaces de imaxinar tremendo cambio nunha persoa que precisamente presumía de combatilos e cimentaba a súa sona de honradez a base de critica-la da persoa que se sentaba no sillón onde está agora el sentado facendo cousas moito piores?

Hai xente que pensa que ata para ser malo hai que ser intelixente, pois non hai cousa peor cun incompetente con malicia. Cando ún fai inimigos, ou lle nacen sen merecelos, hai que facel-as guerras con eles sen perder nunca o referente persoal e as responsabilidades públicas que se ostentan. pois, as máis das veces, ca perda do poder emparellase a perda da propia dignidade persoal e o crédito nas institucións que se representan. Neste senso, hai que achacarlle a Ramón Lois que, además de rebaixarse persoalmente a todo tipo de procedementos, da máis execrable ruindade, para facer pola forza contra os seus contarios o que non é capaz de facer cá intelixencia, conseguíse enlixar e sembrar a desconfianza hacia o poder político e os seus representantes ata un punto que levará moito tempo recompoñer esta imaxen de autoritarismo, desgoberno e manexos sen control ningún a que chegou a alcaldía de Zas nas mans de Ramón.

Hoxe en día, tras tódalas ocurrencias e desmáns que se chegaron a ver e padecer na xestión do alcalde, moitos dos veciños máis reflexivos e coñecedores da realidade concreta que propiciou que Ramón Lois chegase a onde está, e das persoas que desinteresadamente o axudaron, expresan con gran convencimiento o xuicio de que ningunha persoa chegou a recibir tanto tan inmerecidamente.

A guinda final, de tódalas guerras sucias emprendidas polo alcalde contra os seus contrarios e rivales políticos, aparte de extenderse malignamente ata alcanzar ós fillos no propio colexio de Zas, onde segue a dar clases a súa muller e onde sempre atopa ca bisoñez ou ca cortedade dalgúns profesionais do ensino, que resultan instrumentos indirectos e facilmente dirixibles, pola constancia da súa torpeza na que siqueran reparan, para facer auténtico dano ás criaturas ou manter totalmente ingobernable o Colexio, alcanzou o seu cumio ca denuncia interposta contra un dos máis respetables industriais do noso Concello, na delegación de Industria, sen ningún fundamento e polo só feito de pedirlle explicacións pola retirada dos cartos do Concello dunha sucursal local dun banco.

Se realmente existise fundamento para unha denuncia, é deber do alcalde facela no mismo instante en que ten coñecemento del; ocorre que todo o mundo sabe que é precisamente neste momento cando non se lle pode achar nada o denunciado polo que a denuncia exhuma un tufo de malicia e torpeza característica dos modos extremos ós que sole recurrir Ramón para acala-las oposicións que lle xurden no camiño, ciscado de despropósitos que está a cometer constantemente. Sirva senón de exemplo desto último, a arroutada de retira-los cartos persoalmente, nunha esperpéntica cirimonia de acodir día a día a recoller só o medio millón que lle autorizan ó banco, para permitirse a autosatisfacción de amolar o seu director por facerlle a contra na Asociación de veciños e servíndose dos cartos da institución que representa en nome de todos nós.

Semellante utilización dos fondos públicos, cuios movementos están sometidos a acordos acadados en Sesión, reflexa non só unha concepción deformada do que é o poder político, senón tamén o grado de primariedade que latexa nunha cabeza que esqueneeu xa cando foi a última vez que sintiu florecer a luz da intelixencia.

Xogar cá nosa saúde

En tódolos tempos e épocas da humanidade, incluida a presente, a clase médica gozou sempre de gran prestixio e recoñecemento público practicamente por toda a xente, sin distincións de clase ou idade. Vaia por diante, igualmente e de antemán, a máis seria das consideracións cara este colectivo de profesionais que contribúen, habitualmente con gran celo e dedicación, a aliviar unha das condenas de toda a humanidade como é as infirmidades e o dolor.

Dos tres grandes bastións sobre os que xiraba ata hai ben pouco o poder e a influencia sobre a xente en tódolos pobos: sacerdote, mestre e médico tan só este último conserva case intacto ese predicamenteo e esa capacidade de crédito sobre a vida da xente.

Ë certo, e poderíamos citar centos de exemplos, que a gran maioría dos médicos ca súa entrega desinteresada, co seu valor e agnegación no cumplimento do seu deber fronte ás condicións sociais, económicas e xeográficas máis adversas en tódalas épocas, cimentaron esa sona da que merecidamente gozan e ese poder de influencia que maiormenteostente ostentan, moitas das veces sen sequera apercibirse del.

Noutros casos, os menos, existen médicos que aínda que sexan moi bos profesionais, e cumplan en gran medida co seu deber, carecen do espíritu desinteresado que amosa aínda hoxe gran parte da clase médica.Como, o final, todos acabamos tendo que acodir ás consultas dos galenos solemos calar irregularidades descaradas que teñen por única finalidade satisfacer unha ansia desmesurada de lucro persoal no exercicio da máis digna das profesións como é a médica.

Ter unha farmacia xusto ó lado da propia consulta e rexentada pola propia muller, non é que denote unha visión moi humanitaria e vocacional do Servicio Médico, pero ata poderíase pasar; outra cousa é a responsabilidade dos inspectores sanitarios e a vixiancia e control da expedición de medicamentos por unha determiñada consulta, que, si se fai en serio, remataría rapidamente con esa atípica relación matrimonial de intereses comerciais e sanitarios.

Xa é fariña de outro costal, aconsella-la domiciliación das cartillas sanitarias noutros Concellos do arredor aproveitándose da consideración social que se ten como médico e da necesidade permanente dos seus servicios nunha zona rural deficitaria do mesmo, para acrenceta-la clientela artificialmente cá única finalidade de abulta-la nómina mensual da Seguridade Social a expensas dos dereitos dos máis necesitados.

O colmo deste caso é que, para máis burla, se lle venda aínda o favor de atendelos na consulta da súa casa, onde o lado ten a Farmacia da súa muller decíndolles a xente que deste xeito teñen un médico máis en Zas cando a realidade é, precisamente, toda a contraria.

O Concello de Zas corresponderíanlle dous médicos máis, pediatra incluido, así como outro A.T.S. polo número de habitantes que cotizan á Seguridade Social. A sangría de cartillas para outro Concello rebaixa a cuota de médicos para nós e acrecéntaos no veciño, o que non resulta ningunha ganancia como se quere facer ver.

Non é que dende aquí pretendamos facer cambia-las cousas; eso correspóndelle ás Inspeccións sanitarias, que como a maioría delas non funcionan neste País, e a vontade dos viciños cos que se xoga cá súa saúde se realmente se deciden a facer unha protesta en serio para remediar unha situación que perxudica a todo o Concello. O que pretendemos é algo máis doado, despertar un pouco á xente, no sentido de que, polo menos, as gracias de dálas, llas dé o médico ós veciños, en vez de ser ó revés.

Se realmente pensaramos canto realmente nos perxudica como Concello deixar domicia-las Cartillas sanitarias fora, coido que ninguén que as teña, por moito respeto que sinta polo seu médico e por moito agradecemento que lle manifeste se prestaría a tal manexo. Tamén hai que recoñecer que poucos médicos se prestarían a tales subterfuxios administrativos para facela nómina do mes un pouco máis repleta a base de xerar semellante perxuixio a toda unha Comuniade como é a de Zas, sempre pior atendida medicamente, tratando de pasar además como benefactor local.

discoteca
Dudas
BAIO- A CORUÑA

SUPERMERCADO
MARUXA

ZAS DE CARREIRA

- CARNICERIA -
O OURENSAN
ULTRAMARINOS
Rúa do Progreso - ZAS
Tlf: 718184

TALLERES
ROJO

Estrada de CARREIRA
ZAS

A domiciliación das cartillas sanitarias noutros concellos impide a ampliación deste Servicio

Según a relación existente entre o número de habitantes dun Concello e o número de médicos e persoal sanitario que se lle corresponde a ese municipio, o Concello de Zas tiña que ter unha dotación sanitaria con tres médicos: un pediatra, dous médicos de medicina xeral e un practicante. Para recabar estos datos, a asociación de veciños ''San Andrés'' de Zas, derixiúse a varios organismos para solicita-lo número de cartillas que existen no noso Concello e as que teñen os médicos domiciliadas fora do municipio co Sr. Maroño, médico de Vimianzo, aínda que resida en Baio; atopando un gran desfase e comprobándose que moitos dos veciños do noso municipio non tiñan a domiciliación con ningún dos dous médicos de Zas. Despois de varias entrevistas en distintos organismos de sanidade, a AVV ''San Andrés'' de Zas quere indicar a estes veciños, a través deste medio, que deste xeito están impedindo que a este Concello se lle dote do número de médicos que lle corresponde, e beneficiando a outros Concellos que, cás cartillas de moitos veciños que se lle engaden de Zas, disfrutan de máis médicos e mellores Servicios dos que lles corresponderían, en perxuicio dos que nos corresponden a nós.

Esta situación que orixina unha grave perda a tódolos veciños de Zas, a quenes se lle desminúe a dotación de persoal sanitario, é debida os intereses persoales dun médico, para cobrar por un número de cartillas superior ás que lle corresponderían con só os veciños de Vimianzo, onde é médico titular, e beneficiarse das ganancias da Farmacia que rexenta a súa muller, posta o mesmo lado da súa consulta, cousa totalmente prohibida pola Lei.

Espérase, por parte da AVV ''San Andrés'', que nun futuro, se aplique a Lei totalmente, e tódalas cartillas que son de veciños de Zas estean domiciliadas cos médicos de Zas para que axuden a mellora-la dotación de médicos e o servicio sanitario xeral do noso Concello, en vez de estar a servir exclusivamente ós intereses particulares dun facultativo, que además benefician a outras localidades.

Nunha entrevista realizada en Zas pola Asociación de Veciños "San Andrés", con varios representantes de Sanidade, Sr. Xeremías, Sr. Vieito, Xefa de enfermeras e Inspector Xefe, non se deron moitas espernazas de soluciona-lo tema nun futuro próximo.

Explicou o Sr. Xeremías que na actualidade, a nova Lei que se está a impoñer é que a plantilla médica no sevai a fixar polo número de cartillas, senón por habitantes dun Concello. A pesar diso recoñeceu que aínda sendo así, a Zas correspondería varios médicos máis, pero que isto levaríase a cabo cando se crearan os equipos de asistencia primaria, que supoñía entrarían nos presupostos de 1991, aínda quenon podía asegurar que a Zas lleafectaría nese mesmo ano.

Ante a insistencia dos membros da A. de VV "San Andrés" de que sen que entraran os equipos de asistencia primaria, a Zas lle correspondían dous médicos máis, tanto polo concepto de número de cartillas como polo concepto de número de habitantes, prometeu intentar soluciona-lo tema, ó mesmo tempo que defendía a acaparación de cartillas de Zas polo Señor Maroño, médico de Vimianzo, decindo que estaban atendidos os pacientes por un médico máis, e en todo caso, os que podían protestar eran os de Vimianzo.

A A.VV "San Andrés" manifestoulle que en todo caso son os dous Concellos os perxudicados por canto o Sr. Maroño ó antender os veciños de Zas, réstalle tempo para atender ben só os de Vimianzo, e, pola contra, levando as cartillas para Vimianzo impide que dous médicos máis veñan para Zas.Como solución, apuntáronlle que os veciños de Zas prifiren que o Doctor Maroño se adique por enteiro a súa plaza de Vimianzo e así en Zas ganábanse dous facultativos máis.A pesares destes razoamentos, a postura do Sr. Xeremías era contraria a mandar máis médicos ata a aplicación da nova Lei.

O colexio de Zas inundado

Nos derradeiros tres cursos estívose sen clase pola tarde no Colexio Público de Zas debido ás obras de restauración, presupostadas en máis de cincuenta millóns de pesetas. Na derradeira fase entraba o cambeo de cubertas xa que cando chovía había goteiras nalgunha aula.

No presente curso levouse a cabo o pintado exterior do Colexio co que se dou por rematada a obra de restauración, coidando de que xa non existirían máis problemas de humidade.

Según empezaron as chuvias , víuse que se antes das obras había goteiras despois delas chovía nalgunha clase ata tal punto que, en dúas ocasións, houbo que desaloxar varias aulas, pasando os rapaces pasando os rapaces para a sá de profesores e aula de medios audiovisuais.

O problema foi moito máis grave cando un día saraivou. A saraiva taponou os desagües, e a auga acumulóuse nas cubertas e entrou toda dentro do Colexio, inundando primeiro a parte alta e logo a parte baixa. Dentro do Colexio chovía coma na rúa, caendo as plachas do falso teito co peso da auga e estalándo algunhas lámparas.

A dirección do Centro víuse forzada a manda-los rapaces para a casa cunha nota informativa para os pais, ós que se lle rogaba pasasen polo Colexio para comproba-lo seu estado e tentar tomar medidas para aranxa-lo problema.

Ó mesmo tempo requiriuse a presencia dun notario que levantou acto do estado do Colexio, que foi remitida ó delegado de Educación cá solicitude de que se poña remedio ós problemas alí reflexados.

Tamén se invitou a comproba-lo estado do Centro á prensa televisión e alcalde. A prensa acudiu sacando varios artigos e fotografías sobre esta inundación que reflexaban craramente o estado das aulas.

A Alcaldía desatende totalmente o colexio de Zas

Ante a petición de varios profesores do Colexio de Zas, de que arranxaran os armarios empotrados das aulas, que non dispoñen de estanterías ni fechaduras, o mesmo que as portas das distintas aulas, que teñen que quedar abertas; a dirección do Colexio dirixiu, xa a primeiros do curso, unha solicitude ó Concello para que, como organismo encargado do manteñemento do Colexio, se fixese cargo destes arranxos, que ascendían a unha cantidade de 212.000 pesetas. Ó mesmo tempo solicitábase unha subvención para facer unha biblioteca escolar que axudáse ós rapaces e profesores na súa tarefa educativa, xa que a biblioteca municipal, que antes estaba ubicada nun local do Colexio, foi trasladada para a casa Consistorial.

O alcalde de Zas, profesor adscrito ó Centro, non contestou a estas peticións, o que orixinou que a dirección do Colexio lle remitise unha copia deses escritos, xunto cunha petición de resposta. Tampouco voltou a respostar esta vez.

Ó parecer da xente, non está o Concello por favorece-lo labor docente do Colexio de Zas; ós silencios administrativos hai que engandi-los increíbles erros do Concello que ocasionaron que alumnos e profesores deste centro tiveran que estar varios días sen calefacción, sufrindo o frío e a humidade deste inverno. A principios de outubro solicitóuse ó Concello que pedise o gasoil para o Colexio de Zas, e a finais de novembro seguíase sen él, xa que según informacións municipais, primeiramente perdéuse a trasferencia bancaria feita polo Concello a CAMPSA, e logo un empleado municipal confundíu o número de identificación do Colexio de Zas co do Colexio de Baio, e o gasoil foi levado para ese Centro, polo que houbo que voltar a empezar tódolos trámites, e mentras nenos e mestres soportaban nas aulas o frío que nas últimas semanas foi de moito rigor.

Según a Consellería os novos Consultorios Médicos non terán Médico

A falta de concertación do Centro Médico de Zas co INSALUD fai temer ós veciños pola súa desaparición cando se constrúan os de Muiño e Baio, xa que o Concello poderá concertar calquera deles e será nese onde vaian a consulta-los médicos. Temen os veciños de Zas que intereses particulares e profesionais de persoas doutras localidades leven a tentar que sexa o consultorio aprobado para Baio o que primeiro concerte, e que o de Muiño só sexa o cebo electoral para que non se proteste ni se lle preste atención ó que se espera se constrúa en Baio.

Para moita xente só esa intención pode xustifica-lo interés amosado polo alcalde na súa construcción, chegando a afirmar nun Pleno que se non o construía a Consellería faríao o Concello, sendo o rexidor municipal coñecedor de que esos centros nunca serían dotados nin de médicos nin de material..

A AVV ''San Andrés'' de Zas, facéndose eco das deficiencias que esta falta de concertación ocasiona ó Centro Médico de Zas, tal como se espuxo noutro artículo, e do temor da xente a quedar sen este Servicio debido a que se chegue a concertar unha das novas construccións, dirixíuse ó alcalde para lle pedi-la súa concertación, sen que obtivese ningunha resposta do rexidor municipal, que parece seguir sen reparos en crear desconfianza e enfrentamentos entre veciños de distintas localidades, como xa ocurriu no tema do Instituto.

A AVV ''San Adrés'' de Zas o mesmo que o resto dos veciños desta localidade e das mesmas parroquias da montaña, din estar dispostos a tomar tódalas medidas precisas para que o Concello leve a cabo a concertación do Consultorio Médico de Zás e se atenda , por unha vez, ós intereses da maioría das parroquias antes que intereses minoritarios e de negocios particulares.

Postos a buscar algúns datos sobre a concertación do Centro Médico de Zas, existe un Pleno do ano 1984 en que, aparte da oferta de terrenos para a construcción do Centro Médico, no seu punto terceiro, o CVoncello comprométese a prove-lo de todo o necesario mentrasnon se leve a cabo a súa concertación para o seu normal funcionamento.

Como todo o mundo sabe, neste Centro de Zas non conta nin co material imprescindible, nin cás condicións minimamente indispensables.

Ultimamente o novo practicante consiguiu que o INSALUD lle dera algún material, aínda que se queixa de que lle deron moito menos do que pidiu e precisa,tendo que ir el mesmo a buscalo.

Na entrevista co Delegado do INSALUD, Sr. Xeremías, este último comentou á A. VV. "San Andrés" que o Concello ten pedida a concertación do Centro médico dende o ano 1988 pero que non sabe cando se levará a cabo, debendo o Concello mentras tanto envia-lo material necesario.

PELUQUERIA
Aurita

Zas
TLF: 718464

CAFE - BAR
MOREIRA
COMIDAS

— Carretera Santiago —
Teléf. 71 82 26 ZAS

FERRETERIA
MONTERO

Carretera Santiago
ZAS

COMERCIAL
EDMUNDO

ELECTRODOMESTICOS
Carretera Carreira, s/n
ZAS Teléf. 71 82 87

BAR
BARREIRO

Carretera Santiago
ZAS Telef. 71 83 90

Fundación BRANDOMIL

SHARON ROSMAN; antropóloga canadiense que estudia a Cultura galega na parroquia de Carreira

Aínda que hoxe en día podemos considerar que o aillamento tradicional no que viveu o noso Concello perante séculos rematou, aínda hai pouco, con tódalas novas estradas e vías de comunicación abertas e cá difusión e utilización dos medios de locomoción modernos, non é frecuente atopar vivindo entre nós a unha estranxeira, neste caso canadiense, que además traia como obxectivo o estudio ''in situ'' da cultura tradicional galega e a súa vixencia nos usos e costumes cotidiáns.

Sharon Rosman ten vintasete anos e conserva aínda un candor xuvenil que a fai parecer unha estudante adolescente, a pesares de ser licenciada en Antropoloxía Cultural e estar cursando o terceiro ano de doutorado. Recén casada, vive na casa dos de Fuentes, no lugar de Carreira, acompañada, por uns meses polo seu home, Waine Fife, tamén antropólogo e igualmente moi interesado pola cultura galega da que dí que conserva moitas costumes de gran valor social.

" O longo da miña vida vivín en moitos sitios, anque a miña familia é natural da capital de Canadá,OTAWA. Agora mesmo estou a vivir en Hamilton, pequena cidade onde estudiei a carreira.

P.- Aínda que xa sabemos que eres natural do país americano de Canadá ,¿cal é a túa zona de orixen?

R.- O longo da miña vida vivín en moitos sitios, anque a miña familia e natural da capital de Canadá , Otawa. Agora mesmo estou a vivir en Hamilton, pequena cidade que está moi preto da outra gran cidade canadiense de Toronto onde estudiei os catro anos da carreira. Despois de remata-la carreira fun a face-lo ''Masters'' en antropoloxía á universidade McMaster de Hamilton, onde estou cursando os estudios de doutorado

P.-¿Cales son as razóns fundamentais para atoparte aquí, en Galicia, vivindo no lugar de Carreira?

R.-Como xa dixen antes, estou cursando os estudios de doutorado na universidade de Hamilton que se compoñen de cinco anos, e chegado o terceiro, no que me atopo, hai que realizar un traballo de investigación que logo hai que plasmar na tese. A miña estancia en Galicia perante un curso enteiro é para a realización deste traballo de investigación.

P.- ¿Cómo che chegache a intersar pola nosa cultura galega, escasamente coñecida e difundida a nivel nacional e moito menos a nivel internacional, sendo como eres dun país tan lonxe e culturalmente tan dispar?

R.-A primeira referencia que tiven de Galicia proporcionouma o profesor de español cando comezei os estudios deste idioma ó dicirnos que en España había catro idiomas. A partires de ahí fun leendo libros , sobre todo de Carmelo Lisón Tolosana que ,sobre os anos sesenta, facía traballos de antropoloxía que eran traducidos ó inglés, e descubrindo as distintas culturas que conforman toda a cultura española.

Finalmente acabeime interesando pola Cultura Celta e polo feito de que, en épocas medievais, Galicia e Portugal tiveran un mesmo idioma.Todo esto acabou inclinándome a escoller Galicia para face-lo traballo éste de investigación.

P.-¿Antes de virte a vivir para Carreira, xa estiveras en España e en Galicia?

R.- A elección de Galicia fíxena hai tres anos. O ano pasado decidín vir polo verán dous meses, antes de asentarme definitivamente, para escoller ben a zona de estudio e comenzar a practicar algo o idioma galego, pois sin certo dominio da lingua non se pode contactar ca xente e profundizar nunha cultura.

P.- Para a realización deste traballo de investigación, ¿dispós de algunha axuda tipo beca, ou tódolos gastos corren pola túa conta?.

R.- Xeralmente tódolos traballos deste tipo realízanse con axudas económicas de distintas institucións. Eu, en concreto, teño dúas axudas; unha procedente do Consello de Canadá para as Ciencias Sociais e Humanas (S.S.H.R.C.C.), e a outra da fundación privada WENNER-GREN de New York.

P.-Supoño que xa saberás que, en concreto, esta zona de Carreira e Gándara, dende o punto de vista histórico e arqueolóxico, é unha das máis ricas de Galicia, ¿ Coñecías esta circunstancia antes de ubicarte aquí na casa dos de Fuentes?

R.-Eu, ó primeiro, despois de falar cos meus profesores, decidínme a escoller unha zona do interior, que son as que están menos estudiadas, xa que da costa e da montaña existen moitos traballos. Na búsqueda dunha zona intermedia intereseime por ésta que sabía contiña unha gran riqueza histórica, pero non tanta como a que logo atopei. Contribuiu a esta elección tamén o feito de estar moi interesada pola cultura Celta e a época medieval na que Galicia e Portugal amosaban un mesmo idioma.

" A primeira impresión que recibín de Galicia foi, quizais, a beleza da paisaxe que é extraordinaria; logo foi a forma de ser da xente, moi distinta dos primeiros españois que coñecín.

P.- ¿Atopades diferencias significativas entre o sentir cultural dos xóvenes e da xente maior?

R.- En xeral,sí. As persoas maiores teñen outra idea das diferencias culturais xa que para eles significan un modelo de respostas adaptadas o medio físico e o entorno social e vivenciadas cun sistema de valores que se aplica dentro da comunidade. Para os xóvenes, estas costumes e rituales tradicionais teñen outro sentido e, aínda que para eles carecen da importancia que lles prestan os maiores, teñen tendencia a mante-la continuidade cultural e marcar os selos que a diferencian .

P.-¿No voso traballo, incluiredes algún apartado que recolla a evolución histórica da zona, ou vos limitaredes exclusivamente a tratalos aspectos actuais?

R.- Efectivamente recolleremos aspectos históricos, pero máis que falar de guerras, faremos un estudio da evolución das ideas, nutrición, estilos de vivendas, costumes de intercambio de traballo, vela dos mortos, sentido tradicional de finar na casa,etc. e que, en moitos casos conservan sentido na actualidade.

P.- ¿Cal é a primeira impresión que recibiches cando chegache a Galicia?

R.-Pois cicais fora a beleza da paisaxe o que máis me impresionou. Despois, foi a forma de ser da xente, moi distinta dos primeiros españois que coñecín en Madrí. Tamén me chama a atención as relacións que existen entre as xentes dos pobos e o unidas que están as persoas da misma familia.

P.-Aínda que é pouco o tempo que levas aquí, ¿poderías darnos a primeira valoración de como te atopas aquí en Galicia , e que é o que máis votas en falta.?

R.-Coido que me dou moi ben. Fun de compras varias veces a Coruña, pero o que máis me interesa é estar aquí en Carreira, coñecendo a xente, observando as súas costumes, tomando as súas comidas etc. ; neste último apartado poido decir que probei de todo: caldo, richóns, callos, tortilla, coello..., etc.. Respecto ó que voto de menos , é lóxico que as veces pense no meu país de Canadá, sobre todo a partires de Xaneiro, cando Wayne se vaia para alá.

P.- ¿Participas algo no traballo do campo, ou só te limitas a observalo e estudialo?

R.- Aínda que o meu traballo fundamental é o estudio, as veces participo nas labores do campo e axudo algo. Por exemplo, ultimamente fun o monte a apaña-las castañas cá xente da casa.

P.- ¿Cómo atopas o noso Clima?

R.- Moi chuvioso e húmedo; a min gústame máis a neve no inverno e o frío seco como o da miña terra de Canadá.

P.- ¿Adaptaste ben para convivir cunha familia rural galega, como é a de Fuentes, tendo en conta a túa procedencia.

R.- De momento síntome moi ben convivindo ca familia dos Fuentes aquí en Carreira pois entendo un pouco o galego e además Fina, a muller de Perfecto, é unha muller moi amable e servicial que me axuda moito a comprende-las costumes da xente de aquí.Por outra parte penso que a forma de ser e comportase da xente, no sustancial, non varía moito.

" Atopo o clima de Galicia moi chuvioso e húmedo; a min gústame máis o da miña terra, en Canadá, que ten neve durante todo o inverno e o frío e totalmente seco.

-Moitas gracias pola túa xentileza

- De nada, a vostede.

Sorprendente e inusual retirada dos cartos do Concello dunha entidade bancaria

O alcalde de Zas, que non deixa de sorprender ós veciños ca súa peculiar e pouco ortodoxa maneira de leva-los asuntos municipais, voltou a inquietar á xente cando un bó día de xuño se presentou pérsoalmente, co seu coche particular, nunha entidade bancaria da localidade de Zas pedindo en efectivo, tódolos cartos que tiña o Concello nesa entidade e sin levar ningunha outra firma, nin estar acordado esa retirada en ningunha sesión Plenaria; cousa totalmente obrigatoria que está recollida na Lei de Presupostos para as administracións locais do Estado español.

Ante esta irregular e pouco usual petición, o director do banco negouse a efectua-la entrega dos cartos sen levar outras firmas que o avalaran. O Sr. Alcalde, despois de protestar, foi a busca-las outras firmas cas que se lles fixo entrega dos cartos solicitados, pero en doses, xa que en metálico se pode entregar medio millón por día.

Non foi eso ningún atranco para o alcalde xa que, día a día, carrexou de medio en medio millón ata levar tódolos cartos do banco. Pero o problema veúlle a xurdir o alcalde onde non o esperaba, cando un concellal se dirixiu o secretario do Concello para solicitar unha certificación acreditativa dos acordos da alcaldía con expresión das causas determiñantes da ordenación de pagos que se produciran no primeiro semestre de 1990, para retira-los fondos da anterior entidade bancaria.. Este Concellal solicitoulle tamén se lle expresase as datas e formas nas que se puido haber producido a expedición das ordes de pago, así como o seu importe e a favor de quen se libraron.

Incomprensiblemente, e faltando as súas obrigacións nas funcións que lle competen, o secretario negouse a facer tal certificación, polo que o concellal a solicitou o Sr. alcalde nun escrito presentado con data de 23 de agosto de 1990.

Pasados os dous meses que a Lei lle da ó alcalde para respostar a calquera petición, e en vista de que non se lle dou unha resposta, o Concellal presentou, ante o fiscal, unha denuncia contra o alcalde por suposta malversación de fondos.

Non hai moito, o concellal que fixera a denuncia ante o fiscal recibiu a resposta.

Polo visto non se pode acusar a Ramón Lois de malversación de fondos, xa que se comprobou que os cartos que sacou



do Banesto meteunos noutra entidade bancaria, pero tamén se lle recoñece a este concellal que o xeito de facer este trasbase de fondos foi dun xeito totalmente irregular, xa que era preceptivo un Pleno que facultara ó alcalde para levar a efecto tal acción.

O alcalde de Zas, tal como viu reflexado en varios medios de comunicación, asumiu na súa persoa tódalas funcións, e conxuntou nel tódalas comisións que deben funcionar obrigatoriamente nun Concello, máis o que non pode Ramón Lois é tomar el só decisións que son competencia dun Pleno, nin pode levar a cabo certas xestións que, precisamente, para que teñan unha claredade sen que se podan levar a cabo para lucros personais, teñen que ser aprobadas por unha maioría dos concellais

.Son estas prácticas democráticas á s que moita xente, entre as que está o noso alcalde, resístesen a entrar pero que poden chegar a costarlle un serio disgusto o estar totalmente prohibidas pola Lei.

Neste caso, na resposta do fiscal, ó concellal Xosé Posse, consta que, aínda que non sexa competencia do Fiscal, este xeito de obrar de Ramón Lois Ordoñez é punible e incluso apunta a posibilidade de segui-lo camiño do Contencioso Administrativo.

Non sabemos cal será a actitude a seguir polo Concellal denunciante a partires de agora, pero polo menos espéran os veciños que Ramón Lois comprenda que neste Concello xa existen persoas dispostas a pedir, con tódolos dereitos, explicacións dos seus inusuais e irregulares feitos de actuar.

Moitos dos veciños preguntados acerca destos feitos,nos que o alcalde move os cartos dun sitio para outro sen consultar con ninguén e movido só por motivos exclusivamente particulares, manifestaron a este medio o rechazo total deste xeito de actuar do alcalde, así como a aprobación á denuncia interposta polo Concellal Xosé Posse.

Tamén detectou este medio o cansancio que hai na xente do municipio de comtemplar constantemente tantas trapalladas que crean tensións nos veciños e actuacións que despertan gran difusión pública xerando unha imaxen do goberno municipal máis propia de comunidades incivilizadas que dun Concello serio.

O alcalde rexeita ós do seu partido e recurre ó concellal do C.D.S. para sustituilo

Moitas persoas do Concello quedaron sorprendidas cando este verán, perante as vacacións de Ramón Lois, quedou ocupando o seu posto como alcalde en funcións, o Concellal do C.D.S., Xulio Díaz Rellán. Noutras varias ocasións, voltou a quedar este concellal da oposición sustituindo ó alcalde, como no caso da excursión do alcalde cós vellos e noutros días que tomou libres Ramón Lois.

Moitas persoas se preguntan si é que o alcalde non confía nos do seu grupo, ou se son os do seu grupo os que non se fían del para ter que recurrir a un concellal da oposición. Tamén xurde nas mentes dos veciños a dúbida sobre o comportamento dun concellal da oposición que se pon a colaborar có alcalde.

Non se considera normal cun alcalde en funcións por uns poucos días, sexa o que convoque e presida un Pleno con puntos importantes e non urxentes quedando, nalgúns momentos, en evidencia a súa falla de información sobre puntos a tratar e provocando que o punto que trataba sobre a coberttura da polideportiva de Zas quedara postergado para outro Pleno.

Neste Pleno, o público asistente quedou abraiado cando no momento en que se propoñía a subvención para a cobertura da polideportiva que hai xunto a piscina municipal, ante a oposición do Concellal Manuel Angel Bouzas Amado, por considerar que non era esa a ubicación idónea por ter pouco espacio, o alcalde en funcións, Xulio Díaz Rellán, propuxo solicita-la subvención de cobertura valéndose dunha fotografía da polideportiva das piscinas, e logo ubica-lo polideportivo noutro sitio onde se vera adecuado, dicindo á Diputación que era alí a ubicación da polideportiva que se reflexaba na fotografía.

Algún alcalde da zona, como o de Laxe, estase a ver en apuros xudiciais por facer algo semellante.

Non é raro ver en distintos organismos, Colexios, etc a Xulio Díaz Rellán nas súas función de alcalde.Según novas, ultimamente tamén se dirixiu a algúns veciños dalgunha parroquia para lles ofrecer a apertura de camiños que estes pediran, ou preguntar se tiñan interés por algún novo, xa que, según explicou, tiña carta branca, segúns as delegacións que lle fixo o alcalde, para conceder obras e demáis decisións.Esta actitude de Díaz Rellán, concellal do C.D.S., dou pé a que moita xente comente a posibilidade de que o actual alcalde e o seu suplente eventual se presente xuntos ás eleccións.



Renovación dos membros do Consello escolar de Zas

Nos días 20, 21, 22 e 23 de novembro, celebráronse as votacións para a renovacións dos membros do Consello Escolar (máximo órgano de goberno dun colexio) nos distintos sectores: pais, profesores, alumnos e persoal non docente.

Sendo este órgano que permite a colaboración e participación dos pais na resolución de problemas relacionados cá educación dos nenos, na proposta e aprobación de actividades a realizar e a súa participación na elección da dirección, foi moi pouco o interés amosado por este sector, presentándose só sete candidatos e habendo moi poucos pais que foran a votar.

A constitución do Consello Escolar despois das votacións quedou do seguinte xeito:

No sector dos pais, foron escollidos: D. Perfecto Fuentes Garrido, D. Manuel Domínguez Gerpe, D. Xoaquín Devesa Barcia, Dna María Domínguez Pérez, D. Ignacio Castiñeira Amigo.

No sector de profesores, además do equipo directivo: D. José Riveiro Rial (director), e Dna Laura Janeiro Rodríguez (Xefa de Estudios), que permañecen como membros do Conselleo, foron elexidos: Dna Carmen Mourelle García, D. Manuel Vázquez Fernández, Dna Pilar Rey Salmonte, D. Sabino González Rodríguez, D. José Antonio Iglesias Pardo, Dna Josefa Basilisa Moreira Suárez, Dna Manuela Mercedes Romaní Barrentos e Dna María Corzón Cundíns. Finalmente polo sector de alumnos formarán parte do Consello: Víctor Manuel González González, Manuel Angel Montes Ferreiro e Adolfo Jiménez Janeiro, e polo sector de persoal non docente: D. Xosé Cereijo Rial

É esta a terceira vez que se forma o Consello Escolar no Colexio Público de Zas, e coma nas outras ocasións, a participación dos pais foi moi escasa.

Na primeira ocasión a representación dos pais estaba completa, é dicir, eran cinco os representantes. Na segunda ocasión a participación tanto a nivel de candidaturas como de electores foi case nula. Só houbo dous representantes que entraron con poucos máis que os seus votos. Esta última vez escollerónse os cinco representantes e además dous suplentes, pero os electores seguiron sendo moi poucos. Esto reflexa unha total falta de interés e unha desconexión dos pais cá educacións dos seus fillos, xa que a participación dos alumnos e pais no Consello escolart está posta para que coñezan a problemática do Centro e tamén sexan parte activa tanto na resolución desta como na programación das actividades..

A nivel de información diremos algunhas das funcións do Consello Escolar:

1.- Elexi-lo director e o seu equipo, podendo tamén propoñe-la revocación do seu nomeamento, logo de acordodo seus membros adoptados pola maioría de dous tercios. (neste caso os alumnos son sustituidosno Consello Escolar por tres pais suplentes).

2.- Resolve-los conflictos e impoñe-las sancións en materia de disciplina de acordo cas normas estabrecidas.

CALZADOS
VARELA
Zapatería a Medida
Reparacións
Tfno. 718324
BAIO

AUTOBUSES
FACAL
San Clemente
Telf. 718428 ZAS

LEVEL GRAF
MATERIAL PARA ARTES GRAFICAS
- AUTOEDICION -
Rua Pai da Cana nº1
Tlf. 53 11 83 - 53 09 48
15706 SANTIAGO

BAR
El Pinar
Da as gracias a tódolos seus clientes e anuncia o seu próximo peche por non poder atendelo
ZAS

Pompas Fúnebres
COSTA
Seguros de Decesos
(Defuncións)
TRASLADOS
NACIONAIS E
INTERNACIONAIS
Tfnos. 718072-718112
BAIO

Talleres MONTES
CITROEN
LAND ROVER
Telf. Exposición 71 83 60
Telf. Particular 71 81 79
BAIO

PANADERIA
A. ROMAR
—SEGUROS EN GENERAL—
VILA - ZAS

FENOSA farase cargo proximamente dunha empresa eléctrica de Zas

Dende hai moitos anos a xente de Zas vense queixando polas deficiencias que presenta a luz que, aparte de pouca potencia e cambeos de voltaxe que orixinan averías nos electrodomésticos, en inverno faltaba moitas veces, o que obrigou á xente que tiña negocios a mercar grupos electróxenos. En protestas por esta falta dun servicio , a toda vista necesario, os veciños de Zas e algunhas paroquias, hai uns catro anos, decidiron non paga-los recibos da luz.

Neste tempo a empresa eléctrica, dirixida por Enrique Posse, arranxou e modernizou as súas líneas, quedando solucionado o problema da xente que ten o contrato con él. Seguiron, nembargantes, os problemas na outra empresa, polo que o descontento dos seus usuarios foi en aumento. Ante as protestas da xente a AVV ''San Andrés '' de Zas pidiu e levou a cabo varias entrevistas con dirixentes de FENOSA, que despois de estudia-lo problema, informou á AVV que proximamente FENOSA faráse cargo da parte de luz que corresponde a empresa MIÑONES, facendo ós usuarios un novo contrato e empezando a paga-la xente os recibos a partir desta data

Esta decisión foi tomada nunha reunión de tódolos veciños, e a que tamén asistiu o alcalde. Dada a desastrosa situación, e a pesar de haberse movido algúns veciños a nivel da Xunta, non se veía ningunha solución posible distinta da que se adoptou, xa que a maior parte dos veciños de Zas e outras parroquias comprometéronse por escrito a non voltar a pagar máis a luz ata que non estivese nas condicións apropiadas ós tempos en que vivimos. Hai



que pensar tamén que o sistema de subarrendamento de Kilowatios existente en Zas, e que chega a ter ata tres intermediarios, provoca que o recibo da luz acade neste Concello uns precios máis altos que o normal dun servicio de FENOSA, véndose o usuario obrigado a pagar por un servicio fundamental que case non se lle prestaba polas graves deficiencias de que adolecía

As esperanzas dos veciños de que se solucionase esta grave situación, eran cada día menores, posto que os organismos oficiais se desentendían ou daban largas ó tema con promesas de futuro arranxo que non se sabía cando se iban a materializar

A falta de medios e de capaciade financieira dalgún empresario da electricidade de Zas, convenceu ós veciños que só unha medida drástica podería levar a unha solución do problema prantexado, e esta medida que se dicideu e firmou en asamblea foi a negativa a seguir pagando un servicio deficiente.

Ca solución definitiva de pasa-lo servicio de suministro ele´ctrico a FENOSA, e co emprego por parte desta empresa do anterior suministrador, douse satisfacción a tódalas partes.

A asociación de Veciños de Zas conquire a revisión da valoración catastral

Dende que os veciños de Zas recibiron os recibos polo valor catastral das súas vivendas, xeróuse un gran descontento debido ás altas valoracións que a xente considerou totalmente desproporcionadas cos poucos servicios de que se dispoñen. A AVV ''San Andrés'' de Zas, ante as protestas da xente e a falta de resposta do alcalde á demanda dos veciños dunha solicitude de revisión, comezou a xestionar unha solución ó problema. Non foi doado chegar a conquerir esta revisión pois a A.VV atopouse cunha actitude da alcaldía na que só se poñían atrancos a estas xestións, negándose o alcalde, nun primeiro momento, a solicita-la revisión decindo que o Concello non intervira nas valoracións e medicións e non facilitando locais onde se levaron a cabo.

Despois de varias entrevistas con dirixentes de Facenda, recollida e entrega de recursos, e incluso ameazas de levar autocares cos veciños a Delegación da Coruña, conquiríuse que se levaran a cabo as revisións das valoracións catastrais.

Nestas entrevistas mantidas na Delegación de facenda non foi fácil acada-la promesa de revisión da valoración catastral, por canto a alcaldía negábase a colaborar nesta reivindicación dos veciños.

Xa dende o principio de ano, empezou a xente a manifesta-lo seu descontento polos recibos a pagar non só polo que tiveran que pagar de cuota, senón tamén pola valoración que se lle daba que iba a ter unha incidencia nas declaracións da rend e do Patrimonio, desfavorable para a xente, ata o punto de que chegou a valorarse en San Adrián o metro construido en 135.000 pesetas.

Tampouco a xente quedou contenta polo que se consideraba casco urbano xa que según decían abarcaba un radio demasiado amplo. Se se tiña en conta de que nos informes que o Concello mandou a Facenda, se poñía que tódalas parroquias dispoñían de auga municipal (ningunha a ten), alcantarillado (só o teñen Zas e Baio) e alumbrado público, é fácil ver que a xente tiña que pagar uns recibos maís altos dos que lles correspondían, xustificado por uns servicios dos que non dispoñen. En tres ocasións viñeron técnicos de Facenda a face-la revisión, sen que a xente quedara conforme co xeito de levala a cabo, dado que só se recollían as súas queixas sen volver a face-las medicións pertinentes.

O descontento aumentou, cando, a pesar da promesa de Facenda de non cobra-los recibos ata que se resolveran os recursos, a xente empezou a recibilos na maioría dos casos sen que se variara a valoración inicial.

A A. de VV. "San Andrés", por medio de papeletas e carteis aconselleou á xente non pagar este imposto, cousa que uns cumpliron e outros non.Hoxe esta revisión está suspendida.

Construcción dunha plazoleta en Baio

Nun Pleno celebrado o día 16 de novembro e presidido polo alcalde en funcións, Xulio Díaz Rellán, concellal da oposición polo C.D.S., aprobouse, entre outro moitos puntos: a aprobación das contas da tesorería, cobertura da polideportiva de Zas (pospúxose este acordo), alegacións ó Plan urbanístico, peticións de subvencións, recoñecemento de igrexas como Patrimoniais e explicacións das delegacións cedidas por Ramón Lois ó alcalde en funcións; a construcción dunha plazoleta en Baio.

Veciños de Zas comentan, que seguen sintíndose discrimiñados frente a esta localidade que consideran beneficiada pola xestión minicipal, que leva para alí tódolos servicios: instituto, polideportivo, Casa da Xuventude, aceiras en todo Baio Pequeno, namentras que a Zas e tódalas outras paroquias están totalmente esquencidas polas autoridades locais.

Comentan os veciños que mentras a Baio se lles dan bos servicios, para Zas traensè propostas de gastar 35 millóns de pesetas na cobertura dunha polideportiva que non ten nin as medidas regulamentadas e que se constrúe nese lugar impidiría que o Sol dese na piscina.Loxicamente, pensa algunha xente,quérese a polideportiva pero nas condicións necesarias como están noutros sitios..

Tomas de acordos con só tres concellais

Segundo o artigo 11 da Lei de procedemnto administrativo o ''Quorum'' para que sexa válida a constitución dun órgano colexiado será o da maioría absoluta (a mitade máis ún) dos seus compoñentes.

Senón existira ''quorum'', o órgano constituirase en segunda convocatoria 24 horas despois da sinalada para a primeira. Será entón suficiente a existencia da terceira parte dos seus membros, e en todo caso, un número non inferior a tres. A pesar de ter un secretario no Concello que, en teoría, coñece a Lei e un alcalde especialista en matemáticas, no Pleno extraordinario do día 23 de agosto de 1990, aprobáronse nove puntos (expediente de modificacións de créditos; Plan extraordinario de infraestructuras, equipamento e servicios municipais de 1990; dar conta de decretos da alcaldía sobre ceses e nombramentos de tenente alcalde e delagacións e competencias no primeiro Tenente alcalde, bases para a provisión por concurso oposición das prazas creadas pola oferta de emprego público para 1990; aceptación de recursos en garantía; ratificación da solicitude de subvencións Consellería de Cultura; ratificación das solicitude de subvención Consellería de Cultura, solicitude de subvención ó amparo do programa primeiro do Fondo de Cooperación Local) cá asistencia de só catro concellais, Xulio Díaz Rellán, Xosé Luis Tomé Caamaño, Xesús Manuel Sánchez Rodríguez, Ramón Martínez Vieitez, e o alcalde.

Non foi só neste Pleno no que se viu esta irregularidade, pois no Pleno de Outubro, presidido por Xulio Díaz Rellán, nun principio tampouco se chegaba ó "quorum" e foi cá incorporación da varios concellais que foron chegando ó traveso da celebración, de ún en ún , cando, case ó final, se consigiu o número necesario de asistentes.

Houbo detalles neste sentido que fixeron rir ó público asistente a este Pleno, pois algúns deste concellais retrasados na súa chegada ó Pleno, fixérono no momento en que se levaba a cabo votacións votando a favor da proposta correspondente decindo "aínda que non sei de que se trata".Estas irregularidades, unida á celebración de Plenos sen dar entrada ó concellal que sustitúa a Emilio Antelo na coorporación municipal, levou a A. de VV a pedir asesoramento legal de cara a tomar medidas contra este xeito de levar adiante os asuntos públicos do noso Concello.

Non se convoca o concellal seguinte tra-la dimisión do de Brandomil

A problemática situación e o enfrentamento producido entre Zas e Baio, a causa da mala xestión do alcalde no tema do instituto, levou a que o concellal de Cultura, e tenente alcalde, Manuel Angel Bouzas Amado, presentara no mes de xuño, a súa renuncia a tódolos cargos, conservando soamente a súa condición de concellal

No Pleno extraordinario, celebrado o día 11 de xullo, dase conta do escrito presentado por Emilio Antelo Suárez, Concellal da agrupación política de Ramón Lois, no que con data de 14 de xuño, presenta a súa dimisión irrevocable e a súa renuncia o cargo de concellal.

A pesar desta renuncia, aceptada polo Pleno, o alcalde non dou entrada ó seguinte concellal da lista, e seguiu, ata esta data, celebrando Plenos cá corporación municipal incompleta. Neste mesmo Pleno, onde se presentou a dimisión do concellal de Brandomil, o alcalde, cicais para demostrar que se basta de por si, nun decreto da alcaldía do 21-6-90, informa da revocación de delegacións da Comisión de goberno e dispón que estas delegacións sexan asumidas pola alcaldía.

Según as informacións chegas ata este medio, o concellal seguinte na lista, e polo tanto o que tiña que pasar a cubri-lo posto de Emilio Antelo, é o "Parrando" de Meanosque foi requerido polo alcalde, cando estaba a traballar nunha leira, para ocupa-lo posto e que éste se negou a facelo.

Confirma o Secretario do Concello que a dimisión de Emilio Antelo e a proposta do "Parrando"están na Xunta electoral que aínda non respostou.

A xente pregúntase se irán por orden alfabético e como son de Zas, quedarán para o final, pois noutros Concellos nos que sucedeu o mesmo xa hai tempo que subeu o seguinte.

Non se sabe se Ramón Lois non coñece a Lei ou pasa dela, xa que doutro xeito debería saber que tódolos acordos acadados nos Plenos que se realizaron a partir da renuncia de Emilio Antelo, son totalmente nulos.Un alcalde, nun alarde de prepotencia, poderá asumir tódalas comisións, pero non pode saltarse certas normas legais sen expoñerse a serias consecuencias por canto un alcalde é un ciudadano máis sometido igualmente ó marco da Lei, que para asuntos públicos é bastante estricta e abundante.

Taller Eléctrico
ESPASANDIN
Servicio BOSCH
A Cacharoza
Tfnos. 718278-718301
BAIO (A Coruña)

LIBRERIA
E
PAPELERIA
ACUARELA
Z A S

Asesoría
Laboral, Fiscal
e Contable
Seguros
Julio
Espasandín
Busto
Tfno. 718581 - ZAS
(A Coruña)

DISTRIBUIDOR:
TUBERIA DE ACERO
M A N E S S M A N
sistema pressfitting
Suministros DIAZ
Materiales para Fontanería,
Calefacción y Gas
TRAV. DE RIANXO, 3 - BAJO
TEL. 29 54 37
15006 - LA CORUÑA

JOSE MONTES LOPEZ
PEUGEOT TALBOT
SERVICIO OFICIAL
Teléfono 71 81 06 - Part. 71 85 98
BAYO - LA CACHAROZA
(La Coruña)

Riqueza histórico- arqueolóxica do Concello de Zas

• A Idade Moderna: de finais do S.XV ata finais do S. XVIII (e II)

.Por: ANTONIO J. PAIS ANDRADE

Galicia perante os séculos XVII e XVIII

A transición do Século XVII ó XVIII en España e Europa supón un novo período bélico no noso Continente, producido pola guerra de Sucesión á Coroa de España que vai traer importantes consecuencias posteriores.

Perante os séculos XVI-XVII, España estivo gobernada pola dinastía ou Casa Real dos Austrias. Á morte, en 1700, do último destes reis (Carlos II) sen descendencia directa supuxo o inicio dunha longa guerra ó ser nomeado sucesor Felipe V da dinastía dos Borbóns, gobernante en Francia.

A guerra na que se van ver envoltos tódolos países europeos, remata en 1713 co Tratado de UTRECH. As consecuencias desta guerra son o establecemento definitivo da Casa de Borbón no trono de España e o inicio dunha nova etapa na Historia do noso país con importantes consecuencias, tamén, na nosa Terra.

A nova dinastía vai traer tamén novas formas políticas e institucións, que no seu conxunto vai a ser difinido co nome de ''Reformismo Borbónico''.

Os reis da Casa de Austria mantiveron a antigua configuración da monarquía española en diversos reinos (Castela, Aragón, Navarra, Galicia...) e os seus diferentes organismos de goberno para cada rexión. Cá chegada de felipe V de Borbón, vaise reforza-lo poder Real; é o momento do máximo esplendor do Absolutismo Monárquico, e van a desaparece-las antiguas institucións peculiares de cada rexión de España (Cortes de Aragón, ''Generalitat'' de Cataluña...) o que supón o trunfo do Centralismo monárquico xa escomenzado cos Reis Católicos.

En Galicia, ó igual que nas outras Comunidades, existiron cos Austrias as figuras de Gobernador-Capitán Xeral, a Audiencia e os Correxidores. Cá chegada de Felipe V, créase na nosa Terra a ''Intendencia'', institución da Coroa con funcións no campo militar e da facenda, quedando por enriba do Capitán Xeral e facendo que os correxidores se adicaran soamente ´as funcións de Policia e xusticia. Na Audiencia vai a aparece-la figura do Rexente, persoa especializada na Administración de xustiza que pretende cortar cós abusos. Pero estes cambeos adolecían do de sempre: a escasa presencia de galegos nestas institucións, a corta duración nos cargos da Audiencia e a corrupción nos cargos baixos cá tolerancia dos superiores.

Por outra banda, Galicia no 1623 consegue a vella aspiración de estar representada nas Cortes de Castela, pero son xa unhas Cortes que non tiñan a importancia e o poder doutros tempos.

O único organismo propio de conciencia rexional vai se-la ''JUNTA'' que aparecera no 1500, con delegados das sete provincias (Coruña, Lugo, Ourense, Santiago, Betanzos, Tui e Mondoñedo), pero non é representativo a nivel social por estar controlado por sectores oligárquicos (os ricos) e fidalgos defensores dos foros e das rendas forais (rendas das terras) que tanto dano causaron ós sectores populares da poboación, nos que incluimos ós da nosa Comarca, e tampouco foron propensos ás reformas económicas que precisaba Galicia no XVIII cando xa Europa empezaba a camiñar polo Liberalismo económico e a industrialización; ó tempo que se rachaba o Monopolio Comercial Español nas Indias (América) que poido se-lo que fixera mellora-la nosa economía, modernizándonos e preparándonos para o futuro, cousa que por desgracia non sucedeu.

Altar Maior e bóveda da iglesia de Santa María de Lamas (Zas-A Coruña)

A Economía e Poboación do S. XVIII

En Galicia en xeral, e na nosa Comarca en particular, vai ser un século de estancamento poboacional entre 1730-1780, dándose incluso unha pequena reducción da poboación na provincia de Santiago - da que depende a nosa Comarca- pasando de 412.757 Habitantes a 398.049 en 1787.

As razóns deste estancamento-reducción de poboación nas nosas terras sería debido á disminución da producción das terras, polo que non se producía alimentos en cantidades suficientes, como é evidente na zona do Xallas, perto de nós, onde se cultivan menos terras por non ser productivas. Deste xeito a poboación vése na obriga de emigrar, sobre todo a masculina, producindo un descenso de parellas en idade de procrear e reducindo a natalidade ó tempo que a mortandade entra en aumento.

Galicia segue sendo neste período eminentemente agraria, predominando nun 90-95% a poboación rural, onde se incluirían as nosas terras de Zas que fan da agricultura e a gandería o único medio de vida.

A partir de 1770-80 as nosas terras comenzan de novo a medrar en poboación ata 1830, debéndose fundamentalmente a dúas razóns:

- Os cultivos fanse intensivos e o gando estabúlase saíndo apenas fora.

- Aparece un novo producto americano, a pataca, que chega ós inicios do S. XVIII e que vai servir de alimento fundamental na nosa dieta cotidiá, perdurando aínda hoxe a súa importancia, xunto co millo do que falamos no capítulo anterior.

Na nosa zona debemos suliñar, que a pataca veu a sustituir na súa función alimenticia á castaña polo que aínda hoxe se nomea como castañas ás patacas.

Pola contra, débese decir que a pesar do aumento da producción, a tecnoloxía, máquinas ou apeiros utilizados nas tarefas agrícolas, seguen sendo os mesmos que nos séculos anteriores. As explotacións empezan a ser cada vez máis pequenas, pois mosteiros e fidalgos -clase puxante nas nosas terras- entregan as explotacións ós campesiños, e estes, en sucesivas xeracións, van a multiplica-las divisións das terras ó deixalas en herdanza ós seus fillos, dando lugar á lacra do MINIFUNDISMO que padecimos no noso Concello ata hai poucos anos.

En canto á industria, que empeza xa a aparecer nalgunhas rexións de España e Europa, hai que dicir que en Galicia poucos exemplos se poden dar salvo algunhas industrias de salazóns, fábrica de cerámica de Sargadelos ou algún intento na rama textil, pero que fracasarán pola dura competencia dos productos ingleses, xa en plena Revolución Industrial. A Economía da Galicia Rural, e polo tanto das nosas terras, é basicamente de subsistencia, ou sexa, que só se consegue na colleita o preciso para vivir e pouco máis

A sociedade no século XVIII

A base da sociedade galega vai estar na posesión da terra e os ingresos que xenera. Os señores dos pazos -fidalgos- e os mosteiros, van a se-los posuidores da maior parte da riqueza que produce a terra, quedando baixo deles o Campesiñado, que paga as rendas do que produce.

Así vemos en parte das terras da Comarca de Soneira e do noso Concello que os seus campesiños dependían do abade do mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago de Compostela.

Con todo o grupo fundamental na escala social van se-los fidalgos que pertencen a nobleza pero que carecen de título, e que perante os séculos XVI e XVII se fixeron cargo dos foros (alugueres das terras) da igrexa, creándose unha íntima relación entre Pazos e Mosteiros, moitas veces cargadas de problemas polas rendas das terras. A fidalguía vaíse extender por toda Galicia ó igual que nas terras do noso Concello, e así temo-los pazos ou casas de fidalgos coma: As Torres do Allo, a Casa forte de Romelle, O Pazo de Treus e Trasariz, ambolos dous últimos en Vimianzo

A Arte Barroca

Perante os séculos XVII e XVIII vaise desenrolar en Europa a Arte Barroca da que España -e Galicia- vai ser un dos países onde máis se desenrole. O barroco vai ser unha Arte que explote os sentimentos, as paixóns da alma, sobre todo na escultura e pintura, como se pode apreciar na imaxe de Santa Minia na igrexa do mesmo nome no Concello de Brión, que aínda que foi feita en datas posteriores, recolle ben o sentir da tradicción do Barroco. Exemplos coma o de Santa Minia tamén os temos nas imaxes das igrexas das nosas parroquias, como o San Andrés de Zas.

O Barroco vai ser unha arte para a devoción e para a expresión da grandiosidade do sentimento relixioso; desta forma, no período que comprende os séculos XVII-XVIII, moitas igrexas van ser reconstruidas aumentándolle naves de culto, ou, como o caso da catedral de Santiago, engadíndolle enormes fachadas que recollen o sentir dese momento.

Tamén é o momento da decoración dos altares sobre o sagrario, enchéndose de retablos ricamente decorados que nos amosan o sentir relixioso, como podemos apreciar na decoración do altar da igrexa de lamas no noso Concello, onde as tradicións goticorenacentistas e barrocas xúntanse e mestúranse nun conseguido equilibrio que chega a ser armonioso. Deste xeito, o cubrimento do teito con bóveda de crucería gótica do século XVI, e o altar inspirado en elemntos decorativos e coloristas -columnas, ornacinas dos santos e o cubrimento con esmalte dourado- fai que case pareza unha construcción interior independente, que se xunta nun equilibrio estético perceptible á vista. Perante os séculos que dura o Barroco é tamén a época de esplendor da casa fidalga de Galicia que, imitando as construccións palaciegas italianas e inglesas, dentro dos seus límites económicos, vanse construi-los pazos galegos. Se ben hai algún que chega a ser grandioso por pertencer a unha familia forte, como é o caso do pazo de Oca, nas beiras do Ulla, a maior parte deles, coma son os da nosa Comarca, non se poden comparar en grandiosidade cos ''palacios'' doutras comunidades de España.

O noso Concello en cuestión de pazos, ten bos exemplos que debemos ter en conta. Así temo-lo Pazo das Torres do Allo do século XVI, xa nomeado no capítulo anterior. Dos séculos XVII-XVIII debemos destaca-lo Pazo de Daneiro cunha ampla fachada que o fai moi iluminado e acolledor no interior.

Tamén merece mención especial a Casa Forte de Romelle, situado nunha zona de fermosas vistas, dominando sobra a paisaxe. Outro exemplo de arquitectura de pazos é o de Follente, en Mira, no que fundamentalmente destaca a galería corrida que presenta na fachada posterior. Outros pazos do Concello serían os das Edreiras en Meanos e as casas fidalgas que temos en Xerne (O Allo) e en Muiño.

Ford
TALLERES
COSTA
Servicio de Grúa
Vehículos de Ocasión
Tfno. 71 82 02
A CACHAROZA
BAIO

RESTAURANTE
CASA COSTA

Café-Bar
"CENTRAL"
Bodas, Banquetes
e Comunións
Tfno. 71 81 12
BAIO

Electrodomésticos
SEVERINO
RIVEIRO
Gran surtido en Cociñas, Lavadoras, Lámparas, T.V. e Vídeo
Distribuidor oficial
RADIOLA
Servicio Técnico Propio
Tfno. 718238 - ZAS

¡Amas de casa da comarca!
Para boa calidade e bos precios
Autoservicio
SOUTO
Avda. Gral. Vidal Ríos
Tfno. 718328 BAIO

SAN - BA

PELUQUERIA
Y
CALZADOS
Teléfono 71 82 63 ZAS

Noticias Breves

Protestas en Langueirón e Vila polo estado das pistas

Veciños de Langueirón e Vila quéixanse do lamentable estado no que se atopan as pistas da concentración parcelaria que seguen sen se asfaltar. Non entenden porque cando na maioría dos lugares xa se fixo, eles seguen esquencidos pola Administración local. Tamén din os veciños destes lugares que seguen á espera do arranxo da escola que se atopa en moi mal estado.

Parque da escola de Gándara

Os veciños de Gándara seguen á espera de que o Concello cumpla a súa promesa de construir un parque infantil diante da escola xa que os alumnos só dispoñen dun pequeno espacio en malas condicións para xogar.

Conflictos nas asociacións de Lamas

Os veciños de Lamas enfrentáronse durante unha reunión de socios da Cooperativa e as directivas de ''Domedio'' e ''Irindo'' .As dúas asociacións dispútanse un local que pertence á Cooperativa e que ésta non etá disposta a pasa-la propiedade a ningunha das dúas asociacións. Ante o problema que esta carencia supón para celebra-las reunións de socios membros dos dous organismos dirixíronse á alcaldía para solicitar un local da xuventude obtendo unha negativa a súa petición, o que ocasionou un gran descontento xa que din que noutra parroquia do Concello, a parte de lla construir, estánselle dando continuamente subvencións.

Problemas cos equipos contraincendios

Neste ano as melloras nos plans de loitas contra os incendios non se notaron no Concello de Zas: o número de incendios foi aproximadamente o mesmo que o ano anterior e superóuse a superficie queimada. As cadrillas antiincendios non dispuxeron de moitas facilidades para loitar contra o lume, según queixas recibidas, utilizaban xestas, mentras os batelumes que se recibiron no Concello para esta finalidade estaban gardados nun galpón do campo de fútbol. A xente que formaba estas cadrillas protestan de que en vez de lle paga-las horas extras a 800 pesetas, se lle paguen a 400. O descontento aumenta polo feito de que cada traballador teña que pagar máis de 5.000 pesetas ó mes de Seguridade Social.

A piscina de Zas

Óense queixas entre os veciños de Zas polo deficiente control hixiénico e sanitario da piscina de Zas que, o mesmo pasa varios días sen que nengén se acorde de lle botar Cloro, como outras veces éste chega para catro piscinas. Tamén a xente se pregunta cal sería o cerebro que pensou a forma da piscina pois, ó ser máis fonda no medio que nas beiras como se fose un embudo, tenlle dado algún susto ós bañistas, a maioría deles nesnos pequenos que na confianza de facer pé nas beiras vánse achegando o medio sen o coidado debido.

Apertura libre de pistas ca máquina municipal

Contan veciños dalgunha parroquia como o alcalde de Zas apareceu polos seus lugares cá máquinaria adquirida polo Concello ofertando deixarlla ós veciños para que eles libremente abriran pistas onde consideraran preciso. A xente manifesta a súa sorpresa ante esta disposición do alcalde para dar gusto á xente, que é frecuente ver este cambio de xeito de actuar cada catro anos no rexidor municipal..

Farolas preelectorais

Algúns veciños de diveros lugares manifestaron a súa sorpresa ó ver como se exhiben en moitos sitios, incluso nos máis marxinados polo Concello nos derradeiros oito anos, gran cantidade de postes de alumbrado. Pola cantidade que se ve, parece ser que ningún veciño, contrario ou afín, se quedará sen farola. Máis algunha xente manifesta que pode ser como no caso das que colocaron en Quintáns, quince días antes das eleccións municipais anteriores, que aínda están sin alumear, e que o mesmo lle sucede ás de Gontalde e outras parroquias. Ata agora houbo unha gran parte das parroquias de Zas sen alumbrado público a pesar das peticións e das queixas da xente.

A estrada de Lamas ó Allo

O Voceiro considera un deber de conciencia advertir ós conductores de que cando circulen pola estrada que vai de Lamas ó Allo que o fagan con extremada precaución pois corren un serio risco de ir a caer ó río dada a demencial construcción dunha ponte nesta pista, moito máis estreita que a estrada, e sen petril en ningún dos lados que serva de protección ós coches, ou de aviso de que só hai ponte no medio, quedando a ambos lados sen barandilla polo que, facilmente, se non se circula en sobre aviso,pódese caer o río.

Os carballos da botica de Baio

A casa natal do poeta Labarta Pose, encóntrase situada nun dos paraxes máis bonitos de Baio, rodeada de campo e carballos; algúns con máis de douscentos anos. Esta histórica casa foi escola pública de moitos veciños de Baio ata o ano 1944 aproximadamente. Conta, frente a súa fachada, cunha extensa praza a campo cuberta de carballos. Esta praza, ata o ano 1952, era de uso público, utilizada polos nenos para seu esparcemento e incluso chegouse a facer feiras e servicio de pastos para os porcos dos veciños. No ano 1952 a dona da casa levanta un muro que delimita a propiedade privada. No mesmo paraxe, pero fora do recinto privado, encóntrase a fonte púbrica, coñecida popularmente como o ''pincho da botica'', nun lamentable estado de abandono, rodeada de vexetación que dificulta a súa vista dende a entrada, e sen que o Concello lle preste atención algunha.

P AXINA PARA O DIALOGO

Prespectivas para unhas eleccións

Agora que entramos no Nadal, que é tempo de Paz e perdón, non estaría de máis facer algunha reflexión acerca dos enfrentamientos dos veciños habidos a raíz da polémica xurdida pola ubicación do instituto e das consecuencias derivadas dos mesmos. Non cabe dúbida que de tódolos enfrentamentos entre distintos grupos dunha Comunidade, calquera que ésta sexa , sempre sairán perdedores os dous bandos. Un claro exemplo témolo na localidade de Santa Comba, onde foron a estudiar Bacheralato e Formación Profesional a maioría dos estudiantes de Zas, chegando a crear serios problemas de masificación, namentras no novo instituto de Baio apenas chegan os alumnos para encher un aula.

A seriedade e responsabilidade dun alcalde vese perfectamente nas cuestións delicadas e nas situacións conflictivas: sereando os ánimos en vez de encrespalos, atendendo e estudiando as distintas alternativas que amosan os diferentes grupos en vez de actuar a bandazos e creando tensións innecesarias, casando os intereses opostos que xurden nas Comuniades en vez de deixalos actuar o seu aire, asumindo tódalas responsabilidades polas consecuencias dunha toma de decisión en vez de votarlle sempre a culpa a tódalas demáis forzas nun intento valdío de xustificarse a base de lia-las cousas ata o infinito para que nunca se atope una boa solución .

A raíz destes enfrentamentos e das loitas xurdidas pola mala aplicación da revisión da contribución urbana, fóronse creando no noso Concello distintos grupos e asociacións que teñen como última finalidade fixar un posicionamento contrario á actual alcaldía , que consideran totalmente desacreditada, nunha situación de desgoberno e moi fácil de batir nas próximas eleccións de gobernos locales.

Aínda que resulte obvio que Ramón Lois perda as próximas eleccións, non só polo rechazo xeralizado que hoxe en día desperta a súa xestión en tódolos sectores de poboación, senón máis ben, según as últimas noticias que chegaron ata nós, polo feito case seguro de que non se presente sequera á reelección, unha cousa é votar fora ó actual alcalde, e outra ben distinta é ganalas con maioría absoluta, suficiente para desenvolver un programa de goberno, perfectamente estudiado e que veña a correxi-los desmás, autoritarismos, abusos e descontrol económico a que chegou o goberno do noso Concello nos últimos catro anos nas mans de Ramón Lois.

Si se quere sacar proveito de tódalas críticas que oportunamente se lle estiveron a facer a Ramón nos últimos catro anos e da oposición xurdida a raíz da mala aplicación da contribución urbana que culminou cá formación dunha Asociación de veciños, é imprescindible artellar unha alternativa electoral que recolla, nun programa de goberno viable e creíble, as solucións máis axeitadas ós problemas máis candentes, e ás aspiracións máis inmediatas que están a manifestar a maioría dos veciños.

É difícil, nestes momentos de gran revoltixo político, ó que Ramón Lois contribuiu interesadamente misturando uns problemas con outros de tal xeito que parecera que nada se pode facer realmente ben, e brincando dunhas formacións políticas a outras sen valorar para nada a responsabilidade que tiña contraída ca candidatura que auspiciou o primer cambio democrático no noso Concello e o seu primer nombramento como alcalde, tentar de aunar vontades suficientes que teñan como única mira e horizonte formar un bo goberno municipal que aspire a ilusionar novamente á xente, comprometéndose a desenvolver un programa que recolla un Plan de actuación municipal encamiñado a resolve-los problemas plantexados polo desgoberno actual (instituto, contribución urbán, asociacións culturais, servicio médico, atención a terceira idade, manteñemento de estradas e camiños, reparacións de edificios públicos, Plan de urbanismo, etc) e ter unha actitude real de servicio á Comunidade de veciños lonxe dos despotismos, persoalismos, baixezas e coaccións que representaron o habitual proceder do actual alcalde nestes últimos catro anos do seu mandato.

Si importante é a figura dun alcalde que reúna na súa persoa as virtudes suficientes e as capacidades necesarias para aglutinar ó seu arredor a xente de máis valía e credibilidade frente ós veciños das distintas parroquias, á vista do exemplo que representa a actual coorporación municipal, aínda máis importante e necesario preséntase a búsqueda e selección dun grupo de concellais que además de saber representar ós seus veciños e traslada-las correspondentes demandas da súa parroquia sepan ter unha postura persoal e dicidida fronte a calquera intento de dominio ou avasallamento polo alcalde.

Manter unha postura honrada e valente dentro dunha coorporación municipal, no sentido de defender a realización das promesas electorais e de exixir o cumplimento dos principios democráticos que deben imperar en toda Administración pública, e enfrentarse si é preciso co propio alcalde cando fai abuso do poder ou desvirtúa as reglas de convivencia e goberno democrático, é unha exixencia de calquera concellal que sepa minimamente o que siñifica un compromiso político e un servicio público.

Penso que agora mesmo estamos nun momento especialmente crítico para comenzar a plantexa-las alternativas novas que van a concurrir ás proximas eleccións municipais, e o mesmo tempo reflexionar con seriedade e responsabilidade cal debe ser-lo perfil idóneo tanto do novo alcalde como da nova coorporación local., así como a orientación política que debe imperar no futuro goberno que xurda das eleccións de maio do 1991.

O primeiro que é lóxico pensar é que, sexa quen sexa o novo alcalde, hai que evitar por tódolos mediosque acabe sendo el só quen acapare tódalas funcións, anulando completamente á coorporación e facendo dos actos de goberno unha prolongación noxenta dunha conducta persoal realmente burda, maleducada e arisca. Para eso é imprescindible que tódalas candidaturas e tódolos concellais tomen conciencia de queeles,a hora de toma-los acordos nos Plenos, son os verdadeiros representantes dos veciños, e que sin eses votos favorables nos Plenos, un alcalde nunca chega a facer-lo que no noso Concello se chegou a facer.

Outra faceta moi a ter en conta é a cada vez máis importante intervención dos veciños nos gobernos municipais tanto dende as asociacións perfectamente legalizadas como dende os grupos de presión que poden xurdir a raíz de calquera problema que xenera unha equivocada decisión de goberno local; exemplos temolos recentes co problema do instituto ou co problema das contribucións urbáns.Sería un erro moi grave presentarse ás eleccións municipais creendo que unha vez alcanzada a alcaldía xa ún pode face-lo que quera sempre e cando conte co apoio maioritario dos concellais.

Saber manter en cada momento unha capacidade de diálogo cos veciños e asociacións vai se-lo baremo principal polo que se vai dicidir o apoio maioritario dos veciños por unha candidatura e, por tanto, é imprescindible para calquera candidato amosar unha verdadeira capacidade de saber escoitar. Digo esto por que ás veces moitos políticos pensan que o máis importante e falar tratando de facer creer á xente que eles son os que máis saben a base de desacreditar ós contrarios ou burlarse dos posibles competidores. Ese tipo de actitude, que parece observarse nas persoas nestes momentos preelectorais, maiormente descobren máis unhas respostas intolerantes que case sempre acaban en despóticas que unhas conductas realmente sabias.Saber detectar a tempo estos candidatos que xurden a moreas e ailla-los conventemente das candidaturas, vai favorecer que aparezan os verdadeiros políticos capaces de trae-la necesaria concordia entre tódolos veciños do Concello e facer que se acabe cun xeito de gobernar que a todos nos avergonza.

- CARPINTERIA -
FUENTES
- CARREIRA -
TLF: 718545

ASESORES EMPRESARIAIS
• Axudas agrícolas
• Trámite subvencións
• Tributacións fiscais
• Renta - I.V.A.
• Contabilidade
Alfonso Villar López
SEGUROS
ADE
MAPFRE
C/. Herbales da Ponte, s/n - 3º I
Telf. 718055 BAIO

EDITA: Publiedisa
IMPRIME:
Graficolor MINERVA. S.L.
COORDINA E DIRIXE:
J.R. Pais Andrade
CONSELLO REDACCION:
Laura Janeiro
Alfonso Villar